

SEGURO PROGRAMA XOGADE TEMPADA 19/20

Procedeuse á activación da aplicación de Xogade para a tramitación da mutualidade dos nenos/as de entre 6 e 16 anos para a vindeira campaña 2019-20.

Esta tempada o protocolo para a tramitación da mutualidade mudou notablemnte, os clubs non poderán dar de alta aos xogadores na plataforma de Xogade, a alta realizarase dende a Federación Galega de Balonmán unha vez os xogadores/as esten dados de alta correctamente no programa Isquad.

PROCESO DE ALTA

Os pasos a realizar son os seguintes:

1. Os titores/as legais dos nenos/as os deben dalos de alta na aplicación Isquad, cumplimentando todos os datos e aportando a doumentación necesaria para a tramitación da licenza:

<http://balonmano.isquad.es/afiliaciones/login.php>

2. Todos os clubs deben enviar o arquivo excell debidamente cumprimentado cos datos dos xogadores/as de entre 6 e 16 anos ao enderezo electrónico mutualidadexogade@fgbalonman.com e dende a propia federación se tramitará a alta dos/as mesmos/as. Se hai unha nova alta, debe enviarse o excell co mesmo formato. **IMPORTANTE:** o nome do club debe estar correctamente escrito na súa columna correspondente.
3. Unha vez realizada a alta na aplicación por parte da FGBM os clubs deben solicitar o rexistro na web do programa:

<https://www.deporteescolargalego.com/#>

PROGRAMAS deportivos

Usuario

Contraseña

[SOLICITAR REGISTRO]

CONDICIÓN DE USO DE SEGURO DE XOGADE:

A ASEGURADORA NON ASUMIRÁ OS GASTOS POR UN USO ERRÓNEO DESTA PÓLIZA.

FARÁN A COMUNICACIÓN DE ACCIDENTE (VÍA WEB OU TELEFÓNICA) ANTES DE ACUDIR A UN CENTRO CONCERTADO, SALVO CASOS DE URXENCIA VITAL.

DEBEN PRESENTAR O CARNÉ DE XOGADE.

PROGRAMA XOGADE 2018-19
XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS en idade escolar 2018-19
A Secretaría Xeral para o Deporte, coa colaboración das Federacións e Agrupacións Deportivas Galegas, convoca o Programa XOGADE

ACTUACIÓNS

- 1. ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR - Máis información**
Sección de deportes en idade escolar da Comunidade Autónoma de Galicia con 16 Modalidades deportivas.
- 2. ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - Máis información**
As federacións galegas no cumprimento das súas función de promoción das súas modalidades deportivas así como da organización de competicións oficiais autonómicas, establecidas no artigo 56, sección 3ª, CAP II de entidades deportivas da Lei 3/2012 de 2 de abril, organizarán a competición deportiva federada en idade escolar, tendo sempre en conta a obriga de cumprimento establecida para estas entidades no convenio anual coa Secretaría Xeral para o Deporte.
- 3. COÑECE O MEU CLUB**
Actividade ofertada a todos os Clubs Deportivos inscritos no rexistro de Clubs da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4. XOGOS POPULARES**
Préstamo de materiais de xogos populares e fichas explicativas para poder realizar esta actividade nos centros escolares.

IMPORTANTE: No desplegable, no apartado “Tipo de Entidade” debe figurar “Entidade Federada”.

PROGRAMAS DEPORTIVOS

Para solicitar a participación da súa entidade nos programas deportivos, reche o formulario de solicitude que se atopa baixo estas liñas. Introduza no formulario os datos da súa entidade e prema "enviar"; en breve porémonos en contacto para confirmar a súa participación.

FORMULARIO DE SOLICITUDE

ENTIDADE

Entidade

Tipo de entidade **Entidade federada**

Federación

CIF

Provincia

Zona

Concello

Enderezo

C.P.

Email

Teléfono

Fax

ACLARACIÓNS:

- A. O Seguro de Xogade da tempada 18/19 rematará o 1 de setembro de 2019, polo tanto calquera neno/a que non estivese cuberto na tempada pasada e que non realizase aínda o proceso indicado anteriormente non se atopará cuberto, polo tanto non poderá competir nin adestrar ata regularizar a situación.
- B. A tramitación de licenzas de deportistas entre 6 e 16 anos a través da Federación Galega de Balonmán, así coma a mutualidade (asumida pola Secretaría Xeral para o Deporte) non posúen ningún custe para os clubs.
- C. En caso de ter que facer uso do seguro, hai un prazo de 7 días para comunicar o accidente á aseguradora dende o momento da ocorrencia do mesmo, de non realizarse dentro do prazo establecido o sinistro quedará rechazado pola compañía.
- D. O Seguro do programa Xogade non cubre ningún tipo de partido amigable nin torneo que non teña o amparo da Federación Galega de Balonmán; de tratarse dunha cita no extranxeiro, ademáis do visto bó da FGBM tamén é necesario comunicalo unha semana antes á Secretaría Xeral para O Deporte mediante o modelo que se achega no arquivo adxunto.
- E. Asemblea Xeral Ordinaria celebrada e xullo de 2019 en Santiago de Compostela, resolveuse que para a tramitación de licenzas de deportistas de categorías prebenxamín, benxamín e alevín (sempre e cando non participen com infantís) non se solicitará o certificado médico, aínda que dende a Federación Galega de Balonmán se recomenda facelo.

- F. A Federación Galega de Balonmán e a Secretaría Xeral para o Deporte non se responsabilizarán de calquera sinistro comunicado fóra do prazo establecido, así coma calquera partido amigable ou torneo que non conte co visto bó previo da FGBM.

PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN DE ACCIDENTES

1. Comunicar o accidente a través da web <https://partsport.mgc.es> ou do telefono 619 818 737.
2. A compañía remitirá o parte médico e chamará para comunicar o centro médico ao que acudir.
3. Acudir ao centro médico indicado pola compañía.
4. Lembrar enviar os informes médicos e a alta a accidentesdeportivos@mgc.es.

En Vigo a 26 de agosto de 2019.

